



Xosé A. Neira Cruz. // Arquivo

De esparto e seda ·

Xosé A. Neira Cruz ·
Espíral Maior, 2008
· 48 páx · 13 euros



PARA O POETA mexicano Eduardo Hurtado, o fracaso dunha relación amorosa asimíllase a un “catastro de huecos” pois o ser, abocadado á desoladora intemperie, debe reconstruírse como un edificio que asente os seus alicerces no entullo e nas cinsas. Este é tamén o punto de partida en *De esparto e seda*, libro co cal Xosé A. Neira Cruz (Compostela, 1968) non só gañou o premio Fiz Vergara Vilariño en 2007 senón que se nos revela como poeta, en paralelo á súa exitosa e recoñecida carreira na narrativa xuvenil.

Destilando a partes iguais amor e rabia (“Porque non hai un sentimento/ sen a forza oposta que o destrúe/ e completa”), o eu vai deseñando neste poemario unha historia non por recorrente menos estarrecedora: a biografía da perda que o eu viviu. Esa gran ferida dá lle pé a ensaiar neste libro todas as “formas de morder a distancia cos dentes furiosos” que se lle ocorren até o punto de acabar escribindo un tratado do desamparo capaz, por un lado, de desempeñar unha función catártica como bálsamo e, polo outro, de outorgarlle á mensaxe un carácter perdurable, atemporal, pois ela transcenderá mesmo ao seu propio creador.

Así, procúranse as explicacións ao fracaso, lémbranse episodios compartidos con aquela “que todo o podía” ou evócase con saudade a feliz coincidencia dos dous seres até concluír que “o certo é que ti eras un espellismo que pretendía tanxer coa man./ Inútil exercicio o de tanxedor de fantasías”. Aínda máis, o empeño do eu por enfrentar cara a cara a propia dor arrás-tranos até unha constante antítese –xa anunciada desde o propio título da obra onde os termos *esparto e seda* nos remiten a materiais antagónicos no que respecta ás súas características definitorias– pois, continuamente, se van opoñer a tristeza e a paixón, a certeza da soildade coa vertixe da entrega, un pasado de harmonía cun “futuro de sombra/ que se resiste a selo”... Velaí o verdadeiro sentido da unión do esparto e da seda porque ao igual que a aspereza do primeiro subliña a suavidade da segunda tamén “moitos sentimientos/ cómpre completalos coa dor” que é quen lles dá verdadeira entidade e peso específico.

Así, gravada a fogo na carne, queda a memoria dos feitos, ese necesario exercicio evocativo que lembra os perigos a que se expón quen ama sen reservas. Finalmente, o ser remata sinalado por unha marca invasiva e imborrable, a que “levo tatuada/ no ceo do padal/ a base de escarificacións”, esa mensaxe en braille puntuada sobre o papel, o único estigma que identifica a un verdadeiro soñador de quimeras. // **Teresa Seara**